



Respeto ás demais persoas

1

Obxectivos específicos

- Coñecer o que significa respecto
- Estimular as condutas respetuosas como unha ferramenta necesaria para a convivencia entre as persoas

Introdución

O respecto como valor

O respecto é a consideración, atención ou deferencia que se debe a unha persoa. Podemos dicir tamén que é o sentimento que trae a recoñecer os dereitos e a dignidade do outro.

Este valor fundaméntase na dignidade da persoa. Dignidade de igual a igual compartida por todos e por todas.

O respecto cara a un mesmo ou unha mesma baséase no respecto que se ten ao outro como persoa. A nosa dignidade de persoas queda situada entre dúas coordenadas básicas: a do respecto a nós mesmos ou mesmas e a do respecto aos e ás demais.

Non debemos confundir o respecto coas formas de convivencia respectuosas, o respecto vai máis alá das formas. O respecto ás demais persoas é a primeira condición para saber vivir e poñer as bases a unha auténtica convivencia en paz.



Actividades 1º Ciclo ESO

Ás veces as palabras máis sinxelas son as máis difíciles de definir; son tan claras, usámolas tanto e entendémolas tan ben que... resultanos moi complicado de resumir o contido en termos precisos.

Intenta definir a palabra respeto e poñede en común as vosas definicións.

Tendo en conta que a palabra respeto provén dunha palabra latina que significa "mirar arredor", cambiarías a túa definición?

Formulámosvos dúas situacións, lédeas e discutide en grupos de tres ou catro en cal se dá unha falta de respeto.

a) Atópaste no cumio dunha montaña, illado de todo o mundo, contemplando na distancia uns pobos pequenos, e pos en marcha o CD a toda potencia.

b) Atópaste nun vagón de tren cheo de pasaxeiros que len, charlan ou observan tranquilamente a paisaxe, e pos en marcha o CD a toda potencia.

Seguramente despois da posta en común, observastes que a falta de respeto non depende do feito, que neste caso é o mesmo nas dúas situacións, senón do que nos rodea. Quen sabe mirar ao seu arredor e ver que hai persoas como el, que non está só, saberá que significa respectar.

Das seguintes accións ou comportamentos, subliña en vermello aquelas que supoñen unha falta de respeto e en azul aquelas que non:

- poñer música a tope
- recoller un ramo de flores
- xogar sucio
- tirar papeis
- cultivar os campos
- coidar os paxaros
- torturar os animais
- regar as plantas
- construír casas
- esmagar as flores
- pintar as paredes
- recoller papeis.

Poñede a vosa selección en común.



Respeto ás demais persoas / 3

Enumera todas aquelas condutas que na escola supoñan unha falta de respecto.

Os conceptos "urbanidade", "cortesía", "boa educación" parece que quedaran anticuados ou sexan parte dun vocabulario de protocolo. Buscade o significado e valorade se exercidas pola maioría, facilitarían a relación cos demais.

Enumera formes educadas de comportamento.

Aquí tes unha síntese de formas educadas de comportamento, e á vez básicas. Ordénaas, segundo o teu criterio, de menos a máis importantes.

Ter comprensión cara ás persoas máis débiles e necesitadas da sociedade: minusválidos, nenos, avós...

Non utilizar na mesa costumes de mal gusto como facer ruído ao tomar a sopa, mastigar coa boca aberta, fala coa boca chea, etc.

Pedir as cousas "por favor" e utilizar cando sexa necesario as expresións "grazas", "perdón" e "desculpa".

Deixar saír antes de entrar e non se colar nas filas.

Mirar ás persoas cando nos falan e cando as falamos.

Saber escoitar sen interromper.

Non quedar mirando ás persoas que presentan algunha minusvalía.

Evitar expresións de mal gusto e palabras malsoantes.

Non escoitar as conversacións dos outros.

Non sinalar co dedo.

Non xesticular, nin berrar demasiado.

Non falar en voz baixa, á orela, cando se está en grupo.

Non facer bromas pesadas.

Coidar a clase e os lugares que utilizamos todos.

Fai un pequeno artigo xornalístico, para publicar na revista escolar baixo o título: *"Unha sociedade ideal"*